



VISITA ESCOLAS PROVAL. ACTIVIDADES PROPOSTAS

XUSTIFICACIÓN:

A presente proposta foi realizada no mes de abril do ano 2007, por mor da semana das ciencias proposta polo IES Escolas Proval, a cuxa exposición invitaron a tódolos centros a el adscritos e algún outro invitado.

É unha visita especialmente interesante para alumnos/as de 4º ESO, Garantía Social e 2ª Bacharelato pois lles permite coñecer de primeira man a dinámica dun centro que imparte Ciclos Formativos de grao medio e superior, e que pode aportar unha saída futura a estes alumnos/as que están a piques de rematar un período formativo chave para eses outros estudos.

OBXECTIVOS DA PROPOSTA:


1.- Concienciar aos alumnos/as da necesidade de mudar os nosos hábitos enerxéticos, na procura de solucións reais para os problemas que se están a plantexar no mundo actual.

2.- Aprender a non valorar a rentabilidade do produto por riba da súa conveniencia por respecto ao medio natural e a sociedade en xeral.

3.- Valorar que existen lugares e grupos humanos que non poden acadar nin os recursos enerxéticos, nin alimenticios, nin educativos dos que nos disfrutamos e que é preciso mudar de actitud ante os problemas reais.

PARTES DA VISITA:

As actividades propostas e que poderían constituir unha visita permanente ao centro foron:



1.- VISITA Á AULA DE ENERXÍAS RENOVABLES:

1.1.- VISITA Á AULA de enerxías renovables (física) coa explicación directa do profesorado do centro.

1.2.- Saída ao exterior para coñecer, de primeira man, os paneis solares, o aerogenerador...





2.- VISITA Á EXPOSICIÓN conmemorativa da SEMANA DAS CIENCIAS:

A devandita exposición é preparada conxuntamente entre o profesorado e o alumnado, quen ademais convértese no profesor na Semana que dura a exposición.

3.- VISITA AO EDIFICIO HISTÓRICO.

Visita guiada que permite aos alumnos/as coñecer, non só a construción primitiva (cubriendo unha [ficha de datos](#)), senón entrar en contacto cos talleres propios dun centro de Ciclos Formativos.



REMATE SOLIDARIO ACTIVIDADE 4:

- Unha das últimas adquisicións da aula de enerxías renovables do IES ESCOLAS PROVAL é una COCIÑA SOLAR.
-
- Unha das propostas é que os rapaces/rapazas fáganse partícipes da aula cunha visión solidaria, participando nunha “**chiculatada solidaria**”.
-
- 1.- Cada alumno/a aporta unha cantidade de 1'5 euros a cambio dun chocolate solidario e os profesores igual cantidade por un café solidario.

2.- Cando cheguen os grupos ao centro (sempre que o sol “xentilmente ofrézase a traballar”) sacarase a cociña solar ao patio, explicaráselles aos rapaces o seu funcionamento e porase a pota enriba co leite ou auga (según demanda)

3.- Faranse as visitas e á volta explicaráselles que é o chocolate solidario e o café solidario. COMERCIO XUSTO/CONSUMO RESPONSABLE. Os profesores dos centros de orixe dos alumnos/as poden ter traballado estes concetos na aula, e mesmo traballar algunha actividade das propostas pola ong INTERMÓN OXFAM sobre este tema.

Na actualidade moitas grandes superficies e tendas solidarias venden estes produtos :

- “Café, Café” (Unidad Didáctica Intermón Oxfam)
<http://www.intermonoxfam.org/page.asp?id=6>
- “Chocolate Mascao” (Artículos sobre o cacao de comercio xusto).
(Unidad Didáctica Consumo responsable)
<http://www.consumoresponsable.com/guias/Chocolate.html>

Remátase a xornada cunha tertulila a carón da cociña e o café/chocolate



GUIÓN ALUMNOS/AS VISITA Á CONSTRUCCIÓN HISTÓRICA:

ESCOLA AMERICANA do IES PROVAL

As escolas americanas son edificios que foron potenciados e costeados por indianos, é dicir, españoles que emigraron a América e que lograron conseguir certas fortunas. Na súa actitude filantrópica para cos seus vecinos, buscaron o desenvolvemento da súa terra natal e nada mellor que escolas para conquerilo. A súa terminoloxía é moi discutida, e estudos recentes defenden que se trata máis dunha arquitectura máis rexionalista, fomentada polos galegos que alende os mares non esquencían a súa patria natal e tiñan conciencia da necesidade imperiosa de fomentar o desenvolvemento cultural dela e dos seus veciños.


Existen no noso contorno habitual edificios creados con esta finalidade. No concello de Gondomar, limítrofe ao concello de Nigrán, onde se ubica o IES Escolas Proval atopamos outro centro construído co pulo da emigración: a **ESCOLA ANTÍA CAL en MORGADÁNS**.

Pero hoxe visitamos outro edificio do Val Miñor, boa mostra do bo facer da emigración, como motor da cultura galega (no exilio e na terra que os veu nacer): **A ESCOLA PROVAL**.

Os seus promotores, naturais de Nigrán, Baiona e Gondomar, constituíron na Arxentina a Unión Hispano-Americana Pro Valle Miñor, ó 5 de xaneiro de 1905. Na súa constitución estableceron como obxectivo prioritario a construción dunha escola *“unha escola que ademais de rexenerar e impulsar o progreso da comarca, servira para preparar aos nenos e nenas para que puideran desempeñar oficios dignos na emigración”*

Así foi construído o vello edificio do IES Proval, un proxecto do arquitecto vigués Jacobo Esténs Romero, situado nos límites dos concellos de Nigrán e Gondomar, separado do río Miñor pola vella estrada do tranvía que une Sabarís con Gondomar.

O edificio está formado por un pavillón central de planta baixa e piso e dous laterais de planta baixa, formando unha U arredor dun patio ou claustro.



¿CAL SERÁ A MOTIVACIÓN DESTA DISTRIBUCIÓN?

¿QUÉ TIPO DE FORMACIÓN RECIBEN OS ALUMNOS DESTE EDIFICIO?

A comunicación dos tres pavillóns entre si efectúase por medio dunha galería aberta que percorre o contorno do patio. Na parte aberta deste último e a carón dos pavillóns laterais hai dous pequenos pavillóns de servicios que se conectan entre si baixo un alpendre sobre columnas de fundición. SITÚA NO PLANO OS LUGARES VISITADOS E A SÚA FUNCIÓN.

A disposición simétrica do conxunto tradúcese no alzado principal, con grandes fiestras separadas por pilastras de cantería na súa parte central e combinando esquinais do mesmo material con panos caleados nas laterais. No remate superior da parte central hai un pequeno frontispicio para por as siglas da sociedade promotora. BUSCA E ESCRIBE O SEU NOME.

O IES Proval complétase con outras construcións máis recentes. ¿CALES SON?
¿PARA QUÉ SERVEN?



MATERIAL INFORMATIVO PROFESORES SOBRE ESCOLAS PROVAL:

FICHAS HISTÓRICAS:

- [Datos Escolas Proval](#)
- [Datos Escola Morgadáns](#)

ENLACES:

http://www.enciga.org/boletin/58/Vazquez_Benito_Escolas_Proval.pdf

Artigo sobre a semana das ciencias que se ven realizando dende hai un par de anos no devandito instituto.

<http://centros.edu.xunta.es/iesescolasproval/gallego/informacion/historia/escola%20americana/ea-0.htm>

Traballo realizado por alumnos/as e profesores/as do IES Escolas Proval sobre a súa historia pasada, como escolas americanas. Interesante percorrido histórico.

<http://www.intermonoxfam.org/tienda/>



BIBLIOGRAFÍA:

MALHEIRO GUTIÉRREZ, Xosé Manuel: As escolas dos emigrantes e o pensamento pedagógico: Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos. Edicions do Castro. Historia. Sada, 2006. [ISBN: 84-8485-202-4]

MALHEIRO GUTIÉRREZ, Xosé Manuel: Herdanza da emigración ultramarina. Catálogo da arquitectura escolar indiana na provincia de Pontevedra. Servizo de Publicacións. Diputación Provincial de Pontevedra, 2005. [ISBN: 84-8457-232-3]

[Revista VIDA GALLEGA](#)
(Fotografías e artigos de referencia)